

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Política de Calidade da Facultade da Ciencias da Saúde (FCS)	
---	---	---

Política da calidade do centro.

Misión

A Facultade da Ciencias da Saúde (FCS) é o centro da Universidade da Coruña (UDC) encargado da organización do ensino, a investigación e preparacións dos procesos académicos, administrativos e de xestión, conducentes a obtención do Título en Grao en Terapia Ocupacional, Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria (MAIS), Mestrado en Xerontoloxía (coa Universidade de Santiago de Compostela), Títulos propios e de Especialización e de cantas outras titulacións de carácter oficial relacionadas coas Ciencias da Saúde se implanten na FCS no futuro, por decisión do máximo órgano responsable da UDC, e sexan proxectadas e asignadas a este centro, e ademais doutras actividades de formación relativas ás titulacións de Ciencias da Saúde e organizadas polos Departamentos que participan nas titulacións nesta facultade e as relacións institucionais con empresas, centros de corporacións locais, autonómicas e estatais, entidades sen ánimo de lucro, que tamén valoren a transferencia do coñecemento ao servizo da comunidade.

Este centro ao igual que os demais que conforman a Universidade da Coruña ten como finalidade “contribuír ao avance cultural, social e económico da sociedade por medio da xeración, a xestión e a difusión da cultura e o coñecemento científico, tecnolóxico e profesional”

Para cumprir co anterior é imprescindible:

- o Formar aos estudantes, con coñecementos, habilidades e actitudes, na preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de métodos e coñecementos científicos, técnicos e artísticos.
- o Traballar co compromiso e responsabilidade no ensino e futuro desenvolvemento profesional do estudante, na procura dunha mellora da calidade de vida do individuo receptor da intervención así como da sociedade en xeral.
- o Promover a capacitación pedagóxica e a calidade académica dos seus docentes.
- o Inducir á calidade da investigación científica.
- o Xerar novos coñecementos e divulgarlos á sociedade.
- o Fomentar a innovación e o traballo en equipo, sendo partícipes todos os grupos de interese, a saber: equipo directivo, profesorado, estudantado, persoal de administración e servizos, egresados, empregadores, colexios o asociacións de profesionais.
- o Manter o prestixio nacional da titulación de Terapia Ocupacional, que ostenta os primeiros postos no ranking nacional; debido á calidade docente, as prácticas técnicas e clínicas da titulación.
- o Exercer a acción profesional cumprindo coas normas deontolóxicas e legais do individuo.
- o Construír e difundir o coñecemento, as actividades e os indicadores de todas as titulacións do centro.
- o Ser partícipe dunha relación sólida coa sociedade.
- o Garantir a seguridade e o cumprimento dos principios de prevención, para promover a saúde e o benestar da comunidade universitaria da Facultade.

Visión

No horizonte do curso presente, a FCS pretende unir esforzos á visión da UDC:

- o Para colaborar con todos os axentes sociais, así coma entidades públicas e privadas para estudar, diagnosticar e proporcionar solucións aos retos formulados pola sociedade.
- o Para achegarse á sociedade, entender as súas necesidades e dar resposta ás mudanzas que se produzan no seu contorno.
- o Para xerar canles de participación solidaria e comprometerse co desenvolvemento sostible e o medio ambiente mediante a innovación.
- o Un centro docente que ofrezca unha formación axustada ás necesidades presentes e futuras do noso contorno e que responda a unha aprendizaxe adaptada ao avance individualizado discente, mediante o fomento de metodoloxías docentes innovadoras e eficaces na adquisición das habilidades e competencias requiridas polas titulacións que se impartan na FCS.
- o Unha institución docente implicada, alén da formación integral das persoas, no desenvolvemento das competencias que melloren o emprego do seu estudiantado nos ámbitos locais, estatais e internacionais.
- o Un centro que fomenta a creación e desenvolvemento de redes estatais e internacionais de grupos de investigación básica e aplicada, que contribúan ao progreso científico, tecnolóxico, económico e social.
- o Para favorecer o recoñecemento pola transferencia dos seus resultados de investigación mediante iniciativas innovadoras.
- o Para fomentar a promoción dun coñecemento universal en todas as ramas do saber, coa especialización naquelas áreas científicas e tecnolóxicas nas que destaca.
- o Un centro que xestione os seus recursos con eficacia, eficiencia, equidade e transparencia ,e que dispón dun sistema de financiamento público suficiente e estable, que se complementa coa colaboración do sector privado.

- o Un centro cunha proxección internacional cada vez maior, tanto nas súas actividades docentes, coma nas investigadoras.
- o Para vehicular a consecución dos seus obxectivos mediante a implicación e a colaboración do conxunto da comunidade universitaria.
- o Un centro que promove a consolidación de medidas de prevención fronte á covid-19, entre os diferentes membros da comunidade universitaria.

A FCS ten como metas:

- o Manter e mellorar o desenvolvemento dos títulos da FCS, con prioridade na calidade do ensino e as relacións coa comunidade.
- o Facilitar a investigación de calidade, coa finalidade de contribuír ás necesidades da sociedade; divulgando o coñecemento á comunidade e integrando a novos investigadores no proceso.
- o Continuar sendo un centro de referencia a nivel nacional, en canto a calidade da docencia e as prácticas técnicas e clínicas; o que manterá o recoñecemento dentro da propia Universidade.
- o A Facultade debe servir como centro de referencia para os egresados e para a sociedade galega.
- o Manter relacións institucionais coas Asociacións e Colexios Nacionais e Internacionais de Terapia Ocupacional: *Conferencia Nacional de Directores de Facultades e Escolas Universitarias de Terapia Ocupacional (CNDEUTO), Sociedade Científica de Terapia Ocupacional (SOCINTO) Red Europea de Educación Superior de Terapia Ocupacional (ENOTHE), Federación Mundial de Terapia Ocupacional (WFOT), Confederación Latinoamericana de Terapia Ocupacional (CLATO), Colegio Oficial de Terapeutas Ocupacionales de Galicia (COTOGA), Consejo Estatal de Colegios Profesionales de Terapia Ocupacional, Asociación Galega de Xeriatria e Xerontoloxía, Asociación de Profesores Universitarios de Radiología y Medicina Física (APURF),*

Sociedad Española de Medicina Física y Rehabilitación (SERMEF), entre outras. Así como centros e universidades onde de impartan as titulacións e entidades afíns.

- o Manter, no posible, a taxa de eficiencia do 97,43%, de éxito do 98,63% e de abandono do 4,92%; taxas acadadas no curso académico 2017-2018.
- o Promover a participación dos estudantes e docentes nos programas de intercambio e mobilidade nacionais e internacionais.
- o Fomentar as relacións cos axentes do contorno e formalizar máis convenios con entidades sanitarias, sociais e sociosanitarias.
- o Garantir o desenvolvemento de accións de asesoramento do estudiantado do Grao en Terapia Ocupacional, a través da organización das *Semanas de Benvida* para o alumnado dos diferentes cursos, durante a primeira semana lectiva do curso, e da *Xornada de Orientación Laboral* para alumnado que remata a titulación.
- o Velar polo cumprimento do *Plan de prevención e hixiene fronte á covid-19 da Facultade para o curso 2021/2022*, por parte dos diferentes membros da comunidade universitaria da Facultade.
- o Promover a colaboración cos centros e entidades sociosanitarias da contorna relacionadas coas prácticas das diversas titulacións oficiais da Facultade.
- o Garantir un asesoramento ao alumnado e unha atención individualizada ás súas demandas e peticións, a través da continuidade do desenvolvemento do *Plan de Acción Titorial da Facultade*, nas súas diferentes titulacións oficiais.
- o Promover a colaboración cos representantes do Concello de A Coruña en materia de saúde e benestar, a través da participación no *Consello Local de Saúde*.

Valores:

A FCS como entidade pública, rexerase polos seguintes valores e principios:

- o A igualdade de oportunidades, mediante a aplicación dos criterios de mérito, capacidade e igualdade e así mesmo mediante a defensa ao acceso universal á universidade e o fomento dunha cultura de non discriminación.
- o O esforzo das persoas, como aspecto clave do progreso e do desenvolvemento individual, así como a coordinación de vontades e capacidades persoais orientada á resolución de problemas, á superación de conflitos e á consecución dos obxectivos colectivos orientados ao interese común.
- o A participación, fomentando as canles de comunicación entre todos os membros da comunidade universitaria no proceso de toma de decisións, como instrumento para aproveitar todas as capacidades e os recursos dispoñibles.
- o O compromiso e a responsabilidade social, para contribuír activamente á mellora da situación e do sistema socioeconómico do noso contorno, e colaborar na xeración de benestar económico para o conxunto da sociedade.
- o O compromiso con Galicia, coa transformación e o desenvolvemento da sociedade galega responsabilizándonos da xestión, da protección e da transmisión dos valores patrimoniais e culturais, tanto no ámbito artístico como no urbanístico, arquitectónico, documental ou lingüístico.
- o O respecto ao medio ambiente, como universidade socialmente responsable, xestionando os recursos á nosa disposición para que xeren o menor impacto ambiental posible e procurando a maior eficiencia e eficacia no seu uso.
- o A eficiencia, como responsables da xestión de recursos públicos para conseguir o seu uso eficaz, orientado a satisfacer as necesidades da sociedade e o ben común.
- o A calidade, como meta e vontade de mellora continua na docencia, na investigación, na xestión e nos servizos, co fin de acadar maiores cotas de benestar social.

- o A transparencia, como mecanismo de rendición de contas para xustificar as nosas decisións e propiciar a adecuada verificación das nosas actuacións.
- o O compromiso coa colaboración cos representantes locais do Concello de A Coruña, no ámbito do *Consello de Saúde local*.

A Coruña, a 15 de setembro de 2021.

Adriana Ávila Álvarez, Decana da Facultade de Ciencias da Saúde